




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mediante resolución do 30 de xullo de 2001 (BOE do 25 de agosto) da Universidade realizase unha corrección de erros das resolucións do 6 de novembro de 2000 pola que se publicaban os planos de estudio de Mestre da Facultade de Ciencias da Educación.

Na corrección de erros correspondente a Mestre, Especialidade en Lingua Estranxeira as modificacións afectan a materias que se imparten en tódalas Especialidades e polo tanto, os alumnos matriculados nas mesmas descoñecían as modificacións no momento de formaliza-la matrícula

Co obxecto de garantir o principio de seguridade xurídica dos alumnos matriculados nestas titulacións cara a execución destas correccións dictase a seguinte

RESOLUCIÓN

Primeiro.- As prelacións que establece o plano de estudos de Mestre, Especialidade en Lingua Estranxeira na Resolución do 30 de xullo de 2001 serán de aplicación a partir do curso 2002-2003 para os alumnos que se matriculen nestas materias.

As materias afectadas por esta resolucións son:

| Materia Praelación | Materia Afectada |
|---|-------------------------------|
| Morfosintaxe e Semántica Francesa/Inglesa | Lingua Francesa I/Inglesa I |
| Lingua Francesa I/Inglesa I | Lingua Francesa II/Inglesa II |

Segundo.- Tendo en conta que, tanto as materias prelación como as materias afectadas son disciplinas ou materias troncais que se ofertan como optativas nas demais titulacións de Mestre (Primaria, Infantil e Musical) estas disciplinas optativas deberán manter a prelación, e polo tanto respecta-la ordenación temporal na aprendizaxe que establece o plano de estudos de Mestre, Especialidade de Lingua Estranxeira.

Terceiro.- Os estudantes que tivesen matriculado ou superado algunha das materias afectadas en cursos anteriores sen ter matriculado ou superado a materia prelación poderán manter esta situación, non así os que se matriculen por primeira vez destas materias que deberán face-lo seguindo a secuenciación establecida no plano de estudos de Mestre, Especialidade en Lingua estranxeira.

Cuarto.- No caso dos alumnos admitidos a continuar estudos nestas titulacións polo correspondente traslado ou cambio de estudos, que teñan superada algunha das materias afectadas, sen ter superada a prelación da mesma poderá facerse a correspondente adaptación sen ter en conta a secuenciación na ordenación temporal dos estudos que establecen os plans de estudio de Mestre da Facultade.



Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2002.

RECTOR,

Senén Barro Ameneiro

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Profesorado; Sr. Secretario Xeral; Sr. Decano da Facultade de Ciencias da Educación; Sr. Xefe da Asesoría Xurídica; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica.